

INDOOR

Vanesa Martínez Sotelo

Premio do Xurado

PERSONAXES

CLARA PIERINA

ÁLVARO PIERINI

DOUTORA

TÉCNICO EN EMERXENCIAS (E VOZ EMERXENTE PARA CLARA)

BANCARIO

Ambiente 1: Unha enorme habitación branca. Frío solitario. O eco dun silencio afiado esculpe no mármore cada segundo.

CLARA: Estás aí? (*Silencio*). Estás aí? (*Silencio*). Óesme?

ÁLVARO: Podes oírme?

CLARA: Álvaro, onde estás?

ÁLVARO: Que tes? Clara, non me asustes.

CLARA: Podes oírme?

ÁLVARO: Fala máis alto.

CLARA: Sácame daqui!

ÁLVARO: Non te escoito. Fala máis alto.

CLARA: Xa estou berrando!

ÁLVARO: Non sei que dis.

CLARA: Non podo saír!

ÁLVARO: Tes frío. É iso? Estás moi fría. Tes as mans moi frías.

CLARA: Álvaro, non podo verte. Hai unha parede.

ÁLVARO: Tes os brazos ríxidos. Tes os brazos conxelados.

CLARA: Estou encerrada no cuarto. Álvaro, axúdame a saír!

ÁLVARO: Os teus brazos son de mármore.

CLARA: Quero saír!

ÁLVARO: O teu corpo é unha pedra.

CLARA: Non me deixes aquí. (*Silencio*). Quero saír. Álvaro, podes oírme? Quero *saír*!

Silencio.

CESA

Ambiente 2: Pasos que se afastan, que se achegan e que volven afastarse.

CLARA: Onde vas? Non me deixes aquí...

Silencio.

DOUTORA: Onde está?

ÁLVARO: No cuarto.

DOUTORA: Increíble.

ÁLVARO: Pode curarse?

DOUTORA: É a primeira vez que vexo isto.

ÁLVARO: Entón, non ten *cura*?

DOUTORA: Por agora sempre solucionamos amputando.

ÁLVARO: Amputando?

DOUTORA: Amputando as partes afectadas. Nesta ocasión vai ser difícil porque todo o corpo está implicado.

*Ambiente 3: Implacable rutina do segundero dun reloxo
(FADE IN)*

ÁLVARO: Que ten?

DOUTORA: É un caso evidente de petrificación total.

ÁLVARO: Petrificación?

DOUTORA: Desde cando a súa muller é unha pedra?

ÁLVARO: Desde... Que quere dicir?

DOUTORA: Atende cando lle fala? Sangra se a firen? Emociónase algunha vez? Hai algo que lle afecte? Viuna chorar por algo ou por alguén? Ten algunha afección? Algún vicio? Debilidades? Hai algo que lle guste á súa muller?

ÁLVARO: Supoño que si. Non sei...

DOUTORA: Haberá que trasladala...

ÁLVARO: Clara odia os hospitais...

DOUTORA: Hai que poñela en observación.

ÁLVARO: A miña muller odia que a miren...

DOUTORA: Parece unha peza de Brancusi. Podería sacar beneficio con ela. Coñezo coleccionistas interesados neste tipo de casos.

ÁLVARO: A miña muller non é unha obra de arte. Quero dicir, Clara nunca quixo que a mirara como unha obra de arte. Non lle vou entregar a miña muller a ningún coleccionista.

DOUTORA: A xente de emerxencias vén de *camiño*.

Silencio.

CESA

Ambiente 4: A alarma dun despertador inesperado.

TÉCNICO EN EMERXENCIAS: Onde está?

DOUTORA: No cuarto.

TÉCNICO EN EMERXENCIAS: Somos de emerxencias. Como se chama a súa esposa?

ÁLVARO: Clara. Teñan coidado, está petrificada.

TÉCNICO EN EMERXENCIAS: Non se preocupe. Ola, Clara. Imos sacala *daquí*.

O tempo asolágase para Clara.

CESA

Ambiente 5: Espazo submarino, respiración apoiada por unha bombona de osíxeno.

CLARA: Que alguén me saque aquí. (*Silencio*). Hai alguén aí? Álvaro? Alguén pode oírme?

VOZ EMERXENTE: Si.

CLARA: Pode sacarme aquí?

VOZ EMERXENTE: Quen fala?

CLARA: Clara. Chámome Clara. Eu son Clara. Quen é vostede?

VOZ EMERXENTE: De emerxencias.

CLARA: Non podo saír.

VOZ EMERXENTE: Non se preocupe. Ola, Clara. Imos sacala...

CLARA: Sáqueme aquí!

VOZ EMERXENTE: Onde está?

CLARA: Na miña casa.

VOZ EMERXENTE: Onde está?

CLARA: Na miña casa! Escóitame?!

VOZ EMERXENTE: Si, pero onde está?

CLARA: Na miña...!

VOZ EMERXENTE: A súa casa, onde está?

CLARA: En Prusia...

VOZ EMERXENTE: Non me gusta que me tomen o pelo, Clara. Sei onde está Prusia e tamén sei que Prusia xa non existe.

CLARA: Na rúa Prusia. No 144 da rúa Prusia. No centro. En Prusia. Prusia é o nome da rúa. Pode enviar alguén para que me saque?

VOZ EMERXENTE: Dun país, que xa non existe?

Silencio.

CLARA: Segue aí?

Silencio.

CLARA: Por favor... segue aí? Volva... estaba falando en serio...

VOZ EMERXENTE: Quería tomarlle o pelo, Clara.

CLARA: A min tampouco me gusta que me tomen o pelo!
Mande alguén para que me saque daqui!

VOZ EMERXENTE: Van de camiño. Cálmese. Cal é o problema?

CLARA: O cuarto, as paredes... a porta...

VOZ EMERXENTE: Ten a porta atrancada?

CLARA: Desapareceu.

VOZ EMERXENTE: Non pode saír polo oco da porta?

CLARA: Agora é un muro.

VOZ EMERXENTE: Tapiou a porta?

CLARA: Quere enviar alguén dunha vez?

VOZ EMERXENTE: Van de camiño. Cálmese.

CLARA: A porta desapareceu. Antes había unha porta e agora hai un muro de mármore. Todas as paredes do cuarto son de mármore.

VOZ EMERXENTE: Bebe normalmente, Clara?

CLARA: Non.

VOZ EMERXENTE: Xa. É sonámbula, Clara?

CLARA: Non.

VOZ EMERXENTE: Segura?

CLARA: Si. Teño insomnio.

VOZ EMERXENTE: Ten insomnio?

CLARA: Teño insomnio!

VOZ EMERXENTE: Cálmese, Clara. Por que ten insomnio,
Clara?

CLARA: Porque... Que lle importa? Sáquenme daquí!

VOZ EMERXENTE: Non podemos sacala daí.

CLARA: Por que? Síntoo... Xa me calmo. Estou calmada.
Xa estou calmada. Desculpe.

VOZ EMERXENTE: Non podemos sacala daí porque a súa
casa non existe, Clara. Estame a tomar o pelo. E non
me gusta que me tomen o pelo, Clara.

CLARA: Claro que existe.

VOZ EMERXENTE: En Prusia non queda nada.

CLARA: Eu vivo en Prusia! No número 144 da rúa Prusia.

VOZ EMERXENTE: Dinme que onte botaron abaixo os sete
edificios desa rúa para construír un espazo verde.

CLARA: Pero eu vivo aí! Quero dicir, vivo aquí, na Prusia;
no 144.

VOZ EMERXENTE: En Prusia non queda nada. Esqueceu o
seu enderezo, Clara? Bebe normalmente, Clara? Non
minta, Clara.

CLARA: Eu non minto, son alérxica ao alcohol, non teño
problemas de memoria e padezo insomnio. Non
fumo, non río, non canto, non bailo, non...

VOZ EMERXENTE: É vostede unha muller fría, modélica, gris e aburrida, Clara. Non podemos facer máis por vostede. Intente saír soa de onde estea...

CLARA: Saír? Como? Aquí só hai catro paredes de *mármore...*

Silencio.

CESA

CLARA: Eh! Escóitame? Estame a escoitar?

Un milleiro de moedas tintinean polo cuarto branco e marmóreo no que está Clara.

Ambiente 6: Espazo festivo, de feira, de subasta, cheo de cores frívolas e desapiadadas.

BANCARIO: Señora Pierina? Clara Pierina?

CLARA: Como entrou aquí?

BANCARIO: Pola porta que atopamos os que non esperamos que ninguén nos abra ningunha porta. Vostede sempre foi das que esperan que lle abran a porta nunha parede sen porta, non é?

CLARA: Eu nunca esperei nada. A min ninguén me regalou nada nunca.

BANCARIO: Veño a entregarlle esta orde. Ten que deixar a súa casa inmediatamente.

CLARA: Pero se nin sei por onde saír.

BANCARIO: Use a imaxinación. Ou é das que se apropia das ideas dos demais? Non poderá ficar moito máis tempo aquí dentro.

CLARA: Que outra cousa podo facer?

BANCARIO: Xa non hai máis prórrogas. Se non sae da casa, cortarémolle o subministro de osíxeno.

CLARA: Que?

BANCARIO: Non se faga a xorda, señora Pierina. Ou é das que se fan as xordas para non cumprir coas súas obrigas?

CLARA: Eu non... tiñamos un prazo para pagar esta casa.

BANCARIO: O prazo esgotouse. O tempo pasa rápido. O tempo pasa igual para todos. Ou é das que pensan que son especiais?

CLARA: Eu non penso nada diso, non me fago a xorda, non me apropio das ideas de ninguén e non espero *nada!* Canto tempo levo aquí metida?

O eco das palabras de Clara bate contra as paredes cada segundo, defórmase e alóngase.

ÁLVARO: Cando te coñecín tiñas quince anos máis ca min. Agora es dez anos máis nova e non podo aturalo. Fíxenme vello, Clara. Escoitas?

CLARA: Escoito, claro que te escoito. Non paro de escoltarte. Tes que sacarme daqui. Cando tempo levo aquí? Din que a casa non existe pero queren botarnos da casa...

ÁLVARO: Sei que me escoitas, aínda que coma sempre parece que non me escoitas.

CLARA: Sempre te escoitei. Quen nunca escoitas es ti. Canto tempo levo aquí dentro?

ÁLVARO: Cada vez estou máis vello, Clara, porque o amor envellece. Pero ti cada vez estás máis nova porque xa

eras unha pedra antes de facerte de pedra. Non sei se me escoitas. Hai un parásito que na túa pedra que te está devorando. Teño un cincel. Teño que acabar con el.

Álvaro comeza a perforar a pedra, o corpo de Clara. As catro paredes entre as que se atopa Clara comezan a desfacerse. Na caída, os anacos de pedra estouran sonoramente contra o chan.

Ambiente 8: O metal bate contra o mármore. O mármore que se desprende estoura contra o chan.

CLARA: Para, Álvaro. Estás botando abaixo as paredes. O pó que levantan non me deixa respirar.

ÁLVARO: Voute sacar daí.

CLARA: Para, Álvaro. Vasme asfixiar.

ÁLVARO: Os teus brazos corróense. As túas pernas están corroídas. O tempo arruína.

CLARA: Se non paras, as paredes vanme caer enriba.

ÁLVARO: Somos ruínas, Clara. Prefiro verte feita pó antes de que ese becho do tempo te devore. Eu quérote. Quérote sempre.

CLARA: Pero eu non son de pedra. Álvaro, eu non son de pedra. Aínda que non me escoites, eu non son unha pedra, non son unha pedra...

Álvaro segue picando na pedra segundo a segundo até que as paredes de Clara se derruban e aparece un gran silencio que paraliza todos os minutos.

Ambiente 9: Unha gran masa de pedra faise ruínas contra o chan e o silencio devora todo.

TODO CESA

Non son unha pedra.